



**Información sobre a inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos. Transportista profesional de residuos non perigosos.**

De conformidade coa comunicación das súas actividades de transportista profesional de residuos non perigosos, recibida o 31 de Agosto de 2017, esta administración ambiental procedeu a realizar a inscrición da súa empresa no Rexistro de Produción e Xestión de residuos co número **CO-I-NP-TP-00440**. Esta inscrición practícase sen prexuízo das demais licenzas e autorizacións esixidas polo ordenamento xurídico para exercer esta actividade. Os datos rexistrados recóllense no anexo a este escrito.

Lémbрасelle que no exercicio da actividade de transporte de residuos perigosos comunicada debe cumprir as seguintes obrigas, cuxo incumprimento poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*:

**PRIMEIRA.- Cumprimento da normativa de residuos.**

O titular deberá cumprir en todo momento coas prescricións sobre residuos que se establecen na normativa de aplicación, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

**SEGUNDA.- Obrigas durante o transporte.**

O transporte dos residuos deberá realizarse cos medios e as condicións axeitadas á súa natureza, conforme coa normativa vixente en transporte de mercadorías, as restantes normas aplicables e as previsións contractuais, adoptando as medidas necesarias para que se leve a cabo en condicións de seguridade e hixiene.

**TERCEIRA.- Entrega dos residuos.**

Os residuos deberán ser entregados aos xestores de residuos autorizados determinados polas empresas que contratan o transporte,

.A CORUÑA,

O xefe do servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

:

Luisa Fernanda Pérez Montero

conservando durante o transporte a acreditación documental da entrega ou recepción dos residuos exixida pola normativa en vigor, especialmente polas obrigas contidas no *Decreto 59/2009, de 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos*.

**CUARTA.- Arquivo cronolóxico das actividades.**

O titular deberá dispor dun arquivo, onde se recolla por orden cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, medio de transporte e frecuencia da recollida. Debe manter o arquivo a disposición das autoridades competentes a efectos de inspección e control, durante, ao menos, tres anos. Todo isto, segundo o establecido nos artigos 40 e 41 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, e no artigo 10 do Decreto 59/2009, de 26 de febreiro.

**QUINTA.- Actualización dos datos de rexistro.**

Calquera modificación dos datos contidos na súa comunicación deberá ser comunicada





## XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL  
DA CORUÑA  
Xefatura Territorial da Consellería de  
Medio Ambiente e Ordenación do Territorio  
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

Edificio Admtvo. de Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, nº 2 - 5º  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 184 462 -  
981 184 459



GCO

### ANEXO:

DATOS DA INSCRIPCIÓN DE TRANSPORTISTA PROFESIONAL DE RESIDUOS NON PERIGOSOS	
Nome do titular:	ZICLOS CIRCULAR ECONOMY SL
Domicilio:	Calle EMILIO GONZALEZ LOPEZ S/N PTAL 3 PTA B (15190) – A Coruña
NIF:	B70462940
NIMA:	1500088803
Nº de inscrición asignado:	CO-I-NP-TP-00440

Asinado por: PEREZ MONTERO, LUISA FERNANDA  
Cargo: Xefe Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental  
Data e hora: 20/09/2017 14:58:27

CVE: s4Zuh7NDs7  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

Expediente núm.: 2017-CO-I-00585

2 de 2

